

## Sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do 3 de febreiro do 2016

CONCELLEIROS ASISTENTES:  
Yolanda Bouzas Alfonsín.  
José Pedro Cambón Fernández.  
José Luis Sampedro Bouzas.  
Francisco Javier Blanco Sánchez.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 13.00 horas do día 3 de febreiro de 2016, reuníronse en primeira convocatoria os señores concelleiros membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión extraordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º.- Acta anterior correspondente ao día 20 de xaneiro de 2016.
- 2º.- Comunicación previa (obras menores).
- 3º.- Licenza de obra menor.
- 4º.- Licenza de vado permanente.
- 5º.- Solicitud de prórroga de licenza de obra maior.
- 6º.- Licenza de obra maior.

### **PRIMEIRO.- ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE AO DÍA 20 DE XANEIRO DE 2016.**

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 20 de xaneiro de 2016.

### **SEGUNDO.- COMUNICACIÓN PREVIA (OBRAS MENORES).**

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSE GENDRA FABEIRO, con domicilio en Bastavaliños 12, Bastavales, na que comunica que vai facer as seguintes obras en Bastavaliños 12, Bastavales:

- Cambiar o portal existente na entrada do garaxe por outro novo.
- Reparar a cuberta do garaxe, colocando tella do país por encima da uralita, cunha superficie de 40 m<sup>2</sup>.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable do arquitecto municipal e da resolución do Servizo de Coordinación da Área Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 20 de xaneiro de 2016 (expediente núm. 2165/15), por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, sempre e cando se cumpran os seguintes requisitos:

- A cor do novo portal do alpendre será similar ás carpinterías das vivendas tradicionais do contorno.

- Deberá enfuscar e pintar os peches de bloque de formigón, dado que o seu estado actual non se adapta ás características tradicionais do asentamento protexido.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por PABLO ANGUEIRA FREIRE, con domicilio en Beca 6, Bastavales, na que comunica que vai construír un galpón de 15 m<sup>2</sup>, con ladrillo, revestido e pintado e na cuberta, tella e uralita, acadando unha altura de 2 metros, no lugar de Beca 6, Bastavales. O galpón retranquearase a 5 metros do linde particular e a 5 metros do camiño traseiro.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JAVIER FERNANDEZ OTERO, con domicilio en Alqueidón 26, Os Ánxeles, na que comunica que vai reparar as canles da cuberta do Centro Comercial Monte Balado, Os Ánxeles.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza U-3 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSE PEREZ DOMINGUEZ, con domicilio en Cantelar 6, Boullón, na que comunica que vai construír un muro de pedra en Cantelar, Boullón, de 1,40 metros de alto medidos sobre a rasante natural do vial e 6 metros de largo. A liña de peche axustarase á aliñación consolidada entre edificacións tradicionais, xa que se trata de delimitar un espazo privado unido a antiga caseta.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable do arquitecto municipal e do informe favorable do asesor xurídico urbanístico do concello, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

### **TERCEIRO.- LICENZA DE OBRA MENOR.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por JESUS CAPEANS GOMEZ, con domicilio en Lago 8, Os Ánxeles, na que solicita licenza de obra para entubar a cuneta para a condución de augas pluviais na fronte da parcela de Lago 8, Os Ánxeles, de 92 metros de lonxitude, a executar en PVC de 400 mm. de diámetro e posterior tapado con material compactado e filtrante.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro e sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- Deberán de colocarse catro rexistros ao longo do tramo para evitar atascos.
- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 400,00 €, que deberá presentar no Concello con anterioridade á expedición da licenza.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

### **CUARTO.- LICENZA DE VADO PERMANENTE.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por ANA MARIA FERNANDEZ RUANOVA, con domicilio en San Salvador 8, San Salvador, na que solicita licenza municipal para a colocación dun vado permanente para o servizo ao garaxe da vivenda de San Salvador 8, San Salvador.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola policía local, acorda por unanimidade conceder a autorización para instalar o vado permanente, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

### **QUINTO.- SOLICITUDE DE PRORROGA DE LICENZA DE OBRA MAIOR.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por JUAN CARLOS TEIRA SAMPAYO e CARMEN MARIA BRAVO RAÑO, con domicilio en Urb. Río Pego, portal 9, baixo C, Os Ánxeles, na que solicita prórroga do prazo de finalización das obras de construción dunha vivenda unifamiliar en Bastavaliños 32, Bastavales, concedida na Xunta de Goberno Local do 16/02/2010.

A Xunta de Goberno Local o 05/02/2013, concedeulle prórroga de tres anos para rematar a vivenda a Juan Carlos Teira Sampayo e Carmen María Bravo Raño.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, acorda por unanimidade conceder unha prórroga de dous anos para o remate das obras.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

#### **SEXTO.- LICENZA DE OBRA MAIOR.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Isabel Figueroa Caamaño, que di actuar en representación de ESTUDIO NEGOCIO Y CAPITAL SL, con domicilio en Calle Alcalde Lorenzo nº1, baixo, Bertamiráns, Ames, na que solicita licenza para realizar as seguintes obras no lugar do Alqueidón, Os Ánxeles:

- Construción dun tanatorio segundo proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Óscar Real Villapalos, con visados no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia do 24/07/2015 e 05/10/2015.

- Realización de obras accesorias de urbanización do tanatorio, segundo proxecto redactado polo arquitecto Óscar Real Villapalos, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 24/11/2015.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo urbano.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes desfavorables do arquitecto municipal e do asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade non conceder as licenzas solicitadas polos seguintes motivos:

- A parcela onde se pretenden executar as obras se atopa sen segregación previa aprobada, requisito este que é imprescindible para poder tramitar a licenza de construción do tanatorio.

- Non existen os servizos urbanísticos mínimos e básicos para que se poda autorizar a execución simultánea da edificación coas obras de urbanización, xa que iso só pode acontecer cando se trata de obras de pequena e escasa entidade, ás que se refire o artigo 12.a) da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e non cando se parte dunha situación de absoluta ausencia de servizos, como é o caso.

- Ademais, tamén se pretende abrir un vial inexistente, que nunha parte do seu percorrido nin sequera está obtido, é un tramo de vial que non existe como vial público, polo que será necesario, con carácter previo, proceder á dotación da totalidade das infraestruturas necesarias. Ata tanto non se poderá conceder a licenza que se solicita.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 13.15 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde  
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González